

# MANIFESTO

## Agroecoloxía e cultura alimentaria para a educación Ecosocial

Enredando  
Enos

Reunidas en Madrid os días 18 e 19 de outubro de 2025 no III Encontro Estatal de Hortas Escolares Agroecolóxicas e Cultura Alimentaria Escolar “Enredándonos”, diferentes entidades, comunidades escolares, colectivos agrícolas, educadoras ambientais, docentes, familias e labregas,

A nosa comunidade **DECLÁRASE:**

- **Consternada e indignada** ante a aceleración do cambio climático e as súas evidentes consecuencias destrutivas, como a Dana de Valencia, con 237 persoas mortas, ou os incendios en España e outras rexións do mundo, que se suman ao desastre urbanístico acumulado durante décadas, á concentración en macrogranxas, á nula xestión na emerxencia e reparación dos danos...
- **Profundamente preocupada** pola escalada armamentística que domina Europa e o mundo, cuxas consecuencias máis atroces se reflexan nos conflitos bélicos e, de xeito particularmente dramático, no xenocidio en Gaza perpetrado polo Estado de Israel...
- **Alarmada** pola inquietante deriva ultradereitista que impulsa a destrución como oportunidade de negocio e fomenta a exclusión ao negar a evidencia científica...

Todo iso no marco da celebración da COP 30, que unha vez máis demostra carecer do valor necesario para implementar cambios verdadeiramente transformadores, malia que o uso mundial de combustibles fósiles volveu marcar un récord en 2024 e que o planeta enfrenta fenómenos de retroalimentación climática que agravan a crise ecolóxica de maneira exponencial.

**E, doutra banda:**

- **Esperanzada** polos avances e o potencial da agroecoloxía arredor do mundo, que achega elementos esenciais como a protección da biodiversidade, a promoción da soberanía alimentaria, económica e enerxética, a recuperación do coñecemento ecolóxico tradicional, a desaceleración sustentable e a alimentación saudable;
- **Celebrando** o traballo feito dende os diferentes territorios nas últimas décadas arredor das hortas escolares agroecolóxicas inclusivas, como espazos educativos, produtivos e comunitarios, así como as aulas de cociña, os comedores escolares e as aulas verdes, e diversas iniciativas desenvolvidas por multitude de centros, entidades e colectivos en diferentes espazos e ámbitos educativos;
- **Coa vontade** de enredarnos na Rede de Agroecoloxía Escolar, crear vínculos e colaboracións entre nós e outros actores, promover espazos e redes territoriais de diferentes escalas;
- **Sentíndonos unha rede**, nacida da Rede de Universidades Cultivadas (RUC), irmá doutras como Teachers For Future, Vínculo Ecosocial ou a Rede de Municipios pola Agroecoloxía,



# MANIFESTAMOS

Atopámonos nun momento clave da historia da humanidade, atravesado por unha **crise global** que abarca dimensións ecolóxicas, sociais e económicas. Esta crise esixe **respostes transformadoras, participativas, multidimensionais, sustentables e xustas para todas as persoas**. Respostas que é imprescindible construír dende un diálogo de saberes pluriepistemolóxico, que recoñeza e articule a diversidade de coñecementos, culturas e experiencias presentes nas nosas sociedades complexas.

A **agroecoloxía escolar** é o campo que impulsa a transformación educativa de todo o sistema alimentario escolar. Permite **ampliar o alcance das hortas escolares** promovendo sinerxías e traballo en rede con outras entidades, colectivos e persoas vinculadas a dito sistema. Neste marco, a horta escolar convértese nun elemento máis, conectado coas aulas de cociña e o comedor escolar ou a compostaxe, integrando aprendizaxe, produción e consumo. A **escola agroecolóxica** é un modelo de centro que se reorganiza para avanzar de maneira coherente en todas as dimensións e ámbitos que propón a agroecoloxía escolar.

A agroecoloxía escolar **é un terreo fértil** para o desenvolvemento da soberanía alimentaria, os coidados, a economía social e solidaria, o dereito a unha alimentación adecuada, a educación ecosocial e científica, o rescate do coñecemento ecolóxico tradicional, a educación para a xustiza social e global, entre moias outras miradas transformadoras. Así mesmo, constitúe un campo que **fortalece a axencia política**, ao recoñecer á comunidade educativa como suxeito activo na toma de decisións.


Segundo a lei educativa vixente (**LOMLOE**), é unha prioridade **transversalizar a educación para a sustentabilidade** no currículo. O sistema alimentario escolar, coa horta, a cociña e o comedor, son ferramentas fundamentais para iso.

A **educación alimentaria con perspectiva agroecolóxica** promove a construción de **sistemas alimentarios xustos, sustentables, saudables e culturalmente diversos**, baseados na soberanía de produtoras e consumidoras, e é unha estratexia clave para satisfacer os dereitos á educación e a unha alimentación adecuada no contexto actual.

**Débase potenciar co traballo e aprendizaxe na horta agroecolóxica escolar, en aulas de cociña e en comedores escolares**, para favorecer o desenvolvemento de competencias, coñecementos, habilidades, valores, aptitudes e ferramentas que permiten á comunidade educativa afrontar os retos do futuro.


As **hortas agroecolóxicas nos centros educativos cumpren un importante papel na educación transformadora** que require a crise ecosocial actual, e é fundamental dignificalos como un recurso didáctico e un espazo educativo que contribúe ao ben común e a mellorar as condicións das persoas que neles participan.





A externalización do servizo de comedor en miles de centros educativos está deteriorando gravemente a dimensión nutricional, educativa, laboral e cultural dun espazo central para o día a día das súas comunidades. **É urxente recuperar as cocinas e a implicación do profesorado nos comedores**, así como a participación de alumnado e as súas familias, e a conexión de menús e despensas coas producións locais sustentables.

Os **comedores escolares agrocolóxicos son a forma máis inclusiva de facer chegar alimentos sans á poboación** e permiten vertebrar territorios en base a unha economía social, solidaria e ecolóxica.



Ambos os dous son ademais **espazos privilexiados para promover unha educación ecofeminista** que poña a vida no centro, fomentando os coidados, a empatía e a equidade.

**Toda a comunidade escolar** (alumnado, docentes, educadoras, persoal de cociña e comedor, familias, provedoras alimentarias, persoal non docente e comunidade local veciña) devén nun **axente imprescindible** para unha educación alimentaria transformadora e agrocolóxica..

Este sistema alimentario ten acompañantes que deveñen tamén clave na mellora da educación, como son **as educadoras ambientais con enfoque agrocolóxico** —ou educadoras agroambientais—, a través da inclusión da educación ecosocial no día a día dos centros educativos.

Malia o alcance da horta escolar (no Estado español hai máis de 3.000 centros educativos que teñen horta escolar), e outros espazos de cociña ou comedores participativos, **os diferentes proxectos se encontran con dificultades e limitacións para acadar todo o seu potencial**.

É fundamental seguir avanzando na **creación de redes e programas** de hortas escolares, co apoio e a implicación das administracións.

A **Escola Agrocolóxica debe ser o modelo para toda a institución escolar**, dende educación infantil á de persoas adultas e maiores, porque debe ser motor educativo e de transformación territorial; un centro non agrocolóxico impacta en negativo na sociedade e no ambiente.



# PROPOÑEMOS, QUEREMOS, ESIXIMOS...

## Cambios educativos e para a comunidade

Promover o modelo de **Escola Agroecolóxica a todos os niveis**, con traballo educativo en agroecoloxía escolar e un metabolismo escolar máis agroecolóxico, dende a participación infantil e comuntaria. . O modelo debería construírse, dotar e adoptar **para todos os centros**, como horizonte de futuro, sen deixar a ninguén atrás.

Fomentar e priorizar a **inclusión** das hortas escolares, do traballo en aulas de cociña, da xestión participada do comedor escolar e demais aspectos da Agroecoloxía Escolar **nas planificacións docentes anuais dos centros educativos e os seus proxectos**, promovendo o seu uso como fonte de múltiples situacións de aprendizaxe.

**Promover** as experiencias de **aprendizaxe na natureza** en contraposición á dixitalización excesiva dos procesos educativos. Isto implica:

- Entender **as hortas escolares e os espazos verdes da escola como a infraestrutura verde/bioclimática** que axuda na mitigación/adaptación necesaria ao cambio climático e á protección e promoción da biodiversidade.
- **Renaturalizar** os centros educativos, proporcionando recursos económicos e facilitando os trámites burocráticos a aqueles centros que queiran acometer este tipo de reformas nos seus patios e outros espazos.
- **Reivindicar a existencia de hortas escolares como Aulas Verdes nos centros**, como un espazo transversal onde idear, actuar, observar, reflexionar e aprender contidos curriculares de diferentes materias e áreas, así como procesos e relacións ecosistémicas e socioculturais da horta, para facernos conscientes da nosa eco e interdependencia.

Recoñecer o espazo de horta e a **naturalización dos centros** como medio para **mellorar a saúde** da comunidade educativa, especialmente do alumnado e do profesorado, **dende unha perspectiva integral** (mental, física e emocional).

**Entender as hortas escolares como espazos abertos**, accesibles e inclusivos onde **a comunidade educativa** se poida encontrar para fomentar a participación e a cohesión social dos diferentes colectivos da contorna de cada centro.

Promover sinerxías entre ciclos de **formación profesional**, produtoras agroecolóxicas, entidades relacionadas e outros centros educativos de distinta tipoloxía, co fin de facilitar a creación e o mantemento das hortas escolares, así como garantir o relevo xeracional, o arraigo ao territorio e o futuro dos proxectos agroecolóxicos.



Polo tanto,

# PROPOÑEMOS, QUEREMOS, ESIXIMOS...

## Cambios na alimentación e sustentabilidade dos centros

Impulsar **espazos de gobernanza alimentaria nos centros**, como mesas de traballo ou coordinadoras do sistema alimentario escolar, nas que participe toda a comunidade educativa, para definir en cada centro os criterios de alimentación saudable, sustentable e xusta, adaptada á súa realidade.



Adoptar ferramentas e estratexias que garantan a **elección máis apropiada do modelo alimentario e de restauración colectiva**, segundo as particularidades de cada centro, a súa comunidade e o seu contexto, priorizando criterios de alimentación ecolóxica, xusta e de proximidade, saudable e respectuosa coas persoas e o ambiente, e vinculada a opcións de comercio xusto e economía social e solidaria.

Promover a **participación activa das familias** na xestión dos comedores escolares.

Integrar no posible as hortas escolares na **planificación alimentaria dos centros educativos**, considerándoas unha fonte complementaria de alimentos frescos e de calidade, reforzando a sustentabilidade institucional. Proponse **vinculalas cos comedores**, cafeterías, máquinas expendedoras e aulas de cociña, fomentando unha alimentación saudable e sustentable, ademais dunha aprendizaxe práctica sobre o sistema alimentario escolar. Deberase proporcionar **recursos humanos** (formación e acompañamento técnico) e **económicos** para asegurar as condicións sanitarias adecuadas.

Dar apoio á creación de **redes** entre centros educativos e produtoras agroecolóxicas do territorio, fortalecendo os vínculos da comunidade educativa e a contorna rural, favorecendo as canles curtos de comercialización.

Promover a **compostaxe escolar comunitaria** con profesionais especializadas, formación, acompañamento, recursos económicos e comunicativos para o seu uso por parte de toda a comunidade educativa. A compostaxe é fundamental para a aprendizaxe da circularidade e a rexeneración da fertilidade e biodiversidade dos solos. Ademais, permite aos centros educativos cumprir coa lexislación vixente en materia de xestión de residuos.

Fomentar a **xestión coidadosa e compartida da auga**, participando en iniciativas comunitarias locais como as de sementeira de auga, vinculación con comunidades de rego e outras experiencias similares





Polo tanto,

# PROPOÑEMOS, QUEREMOS, ESIXIMOS...

## Cambios na formación docente e a participación doutros actores

Incluír a agroecoloxía escolar na **formación inicial e continua** do profesorado –tanto nas titulacións de Grao asociadas ás Ciencias da Educación (Maxisterio, Pedagogía, Educación Social, etc.) como nos Másters de Formación do Profesorado– incorporando o uso da horta escolar, a aula de cociña, a educación ecosocial e ecocidadá, así como o coñecemento e posta en práctica de experiencias reais en centros educativos.

Promover a posta en marcha de **programas estables de formación permanente en agroecoloxía escolar** nos **centros de formación e apoio ao profesorado**, promovendo a creación e difusión de materiais, recursos e propostas formativas específicas que integren a educación ecosocial, a horta escolar, a aula de cociña e a alimentación sustentable como eixes de innovación educativa.

Promover a **formación conxunta entre profesorado, equipos de cociña, comedor e familias**, fomentando un enfoque integral da comunidade educativa.

Impulsar a **dimensión educativa da agroecoloxía na investigación, docencia e transferencia en universidades e centros científicos**, promovendo especialmente a agroecoloxía escolar como campo de estudo, innovación e práctica educativa. Cómpre fortalecer e dar maior visibilidade á Rede de Universidades Cultivadas (RUC) como aliada estratéxica.

Fomentar nas universidades **experiencias de consumo directo** como **mercados campesiños ou cooperativas de consumo ecolóxico**, así como promover a **xestión estudiantil e a compra pública agroecolóxica** para a restauración colectiva nas universidades e o cultivo de hortas nos campus universitarios.

Promover que la **formación continua do profesorado** se desenvolva no posible **en contornas naturais e agrícolas**, achegándose directamente aos (agro)ecosistemas.



# PROPOÑEMOS, QUEREMOS, ESIXIMOS...

## Cambios legislativos e administrativos

Recoñecer oficialmente a formación docente en agroecoloxía escolar dentro do sistema de créditos ou méritos de carreira profesional.

Recoñecer a figura do **equipo de coordinación de agroecoloxía escolar** dentro das funcións docentes, vinculada ás comisións de saúde e sustentabilidade que deben existir nos centros. Este recoñecemento debe traducirse nunha dotación de tempo específico dentro da xornada laboral e a súa retribución correspondente, ao igual que acontece coas coordinacións de TIC ou igualdade.

Incorporar a figura da **educadora ambiental con enfoque agroecolóxico** —ou educadora agroambiental— como apoio estrutural e permanente aos equipos de coordinación dos centros. Para isto, é prioritario regularizar e dignificar as súas condicións laborais, avanzando cara un convenio propio que recoñeza a formación, experiencia e especificidade de quen desempeña estas tarefas.

**Aumentar os orzamentos destinados aos programas de horta e agroecoloxía escolar**, mellorando os recursos (persoais, formativos, materiais e de apoio) e asegurando o seu mantemento no tempo para soste os proxectos (tanto os de cada centro, como os das entidades que cobren esas necesidades e que precisan afianzar postos de traballo).

Incluír a horta e a agroecoloxía escolar como unha prioridade no segundo **Plan de Acción de Educación Ambiental para a Sustentabilidade (PAEAS-II)**, promovendo a coordinación entre os diferentes plans e programas a nivel autonómico, provincial e municipal, de maneira que se mellore a información e a difusión sobre estes, optimizar os recursos e potenciar as posibles sinerxías entre os diferentes niveis.

Adoptar a **alimentación escolar agroecolóxica como unha política pública estratéxica**, capaz de vertebrar o territorio e contribuír á loita contra a pobreza familiar e infantil, fortalecendo os sistemas alimentarios locais a través de mecanismos de compra pública responsable e de proximidade, que prioricen a produción agroecolóxica local e as economías rurais.

Impulsar a **colaboración e coordinación interadministrativa** arredor da agroecoloxía escolar. As áreas de Saúde, Agricultura, Educación, Medio Ambiente, Consumo e Cidadanía, tanto de concellos como de gobernos autonómicos e estatal, deben asumir un papel activo e coordinado na transformación educativa e ecolóxica que propoñemos



Polo tanto,

# PROPOÑEMOS, QUEREMOS, ESIXIMOS...

## Cambios legislativos e administrativos

Fortalecer a **Rede de Municipios pola Agroecoloxía** como espazo idóneo para a promoción e intercambio de experiencias de políticas públicas locais de agroecoloxía escolar.

**Consolidar e fortalecer os programas públicos existentes** de apoio á agroecoloxía escolar, como os irmandamentos entre campesiñado e centros educativos, as subvencións e redes de hortas escolares ou os obradoiros comunitarios escolares, evitando o seu desmantelamento ou abandono cando cambian os ciclos políticos.

Promover a agroecoloxía escolar **tamén no medio rural**, en estreita conexión coa produción local agroecolóxica, reforzando a ligazón entre escola, territorio e comunidade.

Contemplan nos planes urbanísticos e proxectos de novos centros, **espazos específicos para situar a horta e a aula ao aire libre**, así como cociñas e obradoiros habilitados para a aprendizaxe.

**Seguimos impulsando unha agroecoloxía escolar inclusiva que poña a vida no centro, protexa os ecosistemas e fortaleza ás comunidades educativas.**

**O pulo colectivo é imprescindible.  
¿Unídesvos?**

**Enredando  
Enos**

